2021/TRIBUNAL/0000020

ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE OFICIAL DE OBRAS, GRUPO C, SUBGRUPO C2 DA CLASE PERSOAL DE OFICIOS, SUBESCALA DE SERVIZOS ESPECIAIS DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, INCLUÍDAS NA OEP DO ANO 2020, POLA QUENDA LIBRE

RESULTADO DO PRIMEIRO EXERCICIO.-Reunido o Tribunal Cualificador, o día 26 de maio de 2021, para proceder á cualificación do primeiro exercicio tipo test, aplicando os criterios de cualificación establecidos no apartado a) da base 6ª das específicas do proceso selectivo, as persoas aspirantes aprobadas obtiveron a seguinte cualificación:

NOMBRE	APELLIDOS	NOTA
AGUSTÍN	LOVEIRA MARTÍNEZ	9,111
ARTURO	MERA AIRA	9,111
JORGE	SOLLA VALLE	8,667
CARLOS	SANMARTÍN GARCÍA	8,667
OSCAR	ARGIBAY BLANCO	8,222
BELARMINO	LÓPEZ COMESAÑA	8,222
JOSÉ JUAN	QUINTÁS PÉREZ	8,222
RUBÉN	VALCARCEL MOURA	8,222
BREIXO	PINTOS DA CUNHA	7,333
ANA BELÉN	GARCÍA CANDAL	6,889
ENRIQUE FERNANDO	COUSO SUÁREZ	6,889
JOSE	CONDE GALVAN	6,444
FERNANDO	VAZQUEZ-GARZA JARAIZ	6,444
PABLO	OUTEDA COCHÓN	6,444

O Tribunal determinou que a puntuación (nota de corte) esixida para superar o exercicio se corresponde con **18 respostas acertadas**, unha vez descontada a penalización por respostas incorrectas ou non contestadas.

As persoas aspirantes admitidas ao proceso selectivo e non incluídas na anterior relación ou ben non se presentaron ou ben non superaron o exercicio, de conformidade co disposto na base 11ª das bases xerais do proceso.

RECLAMACIÓNS E RECURSOS

O tribunal acordou establecer un prazo de dous días hábiles, a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, para que as persoas aspirantes poidan presentar reclamacións ante este tribunal en relación o resultado desta primeira proba, da fase de oposición, do proceso selectivo referido, que serán resoltas por este, pero sempre e cando cumpran as seguintes condicións:

a. Deben formularse exclusivamente a través da sede electrónica do Concello de Pontevedra

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:EHA20649G8J9SZTB

mediante a presentación de escritos no Rexistro electrónico.

b. E deben formularse no prazo de dous días hábiles a partir do día seguinte a publicación no taboleiro de edictos do Concello do resultado deste primeiro exercicio deste proceso selectivo que se se realiza mediante o sistema de tipo test.

Sen cumprir os requisitos expostos, este Tribunal non admitirá reclamacións.

Sen prexuízo das alegacións ou solicitudes que os/as aspirantes consideren oportuno realizar, contra as resolucións do Tribunal e os seus actos de trámite cualificados poderase interpoñer, para esgotar a vía administrativa, o recurso de alzada ante a autoridade que o nomeou, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, consonte ao establecido no artigo 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo das administracións públicas.

Non obstante, os/as interesados/as tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente consonte a dereito.

As aspirantes que non presenten as alegacións a través da sede electrónica do Concello de Pontevedra ou directamente no rexistro xeral do Concello deberán achegalas, tamén, por fax (886212843) no mesmo día da súa presentación para non interferir nos prazos de realización da seguinte proba.

PUBLICACIÓN DO RESULTADO.-O Tribunal dispón que polo secretario se publique no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra e, de forma complementaria, na Sede electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal) a relación coas cualificacións obtidas polas persoas aspirantes aprobadas na primeira proba, convocando as persoas candidatas que a superaron para a realización do segundo exercicio escrito, obrigatorio e eliminatorio, consistente no desenvolvemento por escrito, no prazo máximo de unha hora, dun tema de entre os temas da segunda parte do programa establecido na base 7ª das específicas da convocatoria determinado ao chou polo tribunal inmediatamente antes do comezo deste exercicio, o día **3 de xuño de 2021, ás 12:00 horas no Pazo da Cultura, sito na rúa Alexandre Bóveda s/n.**

O Secretario do Tribunal na data da sinatura electrónica

Asinado por: MIGUEL ANGEL BARROS CASTRO
Servizo: SERVIZO DE DEPORTES
Cargo: ADMINISTRATIVO
Data: 27/05/2021
Este documento foi asinado electronicamente conforme á lexislación de sinatura electrónica

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:EHA20649G8J9SZTB